

## Cal é a definición de familia monoparental?

Na actualidade, non existe unha única definición institucional e aplicable en España sobre o fogar ou familia monoparental. Na maioría das CCAA non existe unha lexislación específica e só está recoñecido este tipo de familias en Cataluña, Comunidade Valenciana, Galicia, Illas Baleares, Navarra, Cantabria e Aragón.

O Capítulo II da Lei 3/2011 de apoio á familia e a convivencia en Galicia sitúa ás familias monoparentais dentro do grupo de 'Familias de especial consideración' e defíneas como o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos e fillas menores ó seu cargo, sempre que o outro proxenitor/a non contribúa economicamente ó seu sustento.

Teñen a mesma consideración que o fillo/a ás persoas unidas ó único proxenitor/a en razón de tutela ou acollemento e os fillos concibidos/as, sempre que desta asimilación se obteña maior beneficio.

En Galicia a familia monoparental que recibe pensión de alimentos para os seus fillos/as non entraría dentro desta categoría, ademais non se concreta sobre o número de fillos/as, as súas idades ou as características económicas do fogar, coma noutras leis autonómicas.

A Rede Estatal de Entidades de Familias Monoparentais (REEFM) e a Federación de Asociacións de Nais Solteiras (FAMS) propoñen a seguinte definición e fai distinción entre:

-Familia monoparental, como aquela na cal só hai unha persoa proxenitora, sexa cal sexa a razón (é así de orixe, por defunción ou desaparición, perda de patria e potestade ect.)

-Unidades familiares en situación de monoparentalidade, que son aquelas onde hai nenos/as con dúas persoas proxenitoras, pero en situacións como as seguintes: a garda e custodia é exclusiva dunha persoa proxenitora; a proxenitora foi vítima de violencia de xénero por parte do proxenitor ou hai ausencia temporal forzada dunha das dúas persoas proxenitoras.

## A desprotección dun modelo familiar en desvantaxe

A monoparentalidade en si mesma non constitúe un factor de risco de pobreza pero si que existen factores que a rodean que poden desencadear en procesos de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social. A súa taxa de pobreza é case o dobre da taxa media e uns 16 puntos porcentuais superior á que soportan as familias nucleares (dous proxenitores e un fillo/a).

A feminización da pobreza está en aumento e é maior cando se trata de familias monoparentais. Un factor determinante para estas familias é a constatación da fenda de xénero na pobreza. Mentres a taxa AROPE<sup>1</sup> nos homes foi no 2018 do 22,1%, a porcentaxe de mulleres foi do 23,9% no mesmo período.


Ter fillos ou fillas no fogar é un factor que aumenta o risco de pobreza e exclusión. O 28,3% da poboación infantil (menor de 18 anos), vive en Risco de Pobreza e o 10,8% o fai en Pobreza Severa.

Polo tanto non é de estrañar que o 11,6% dos e das menores en situación de pobreza sexan membros de familias monoparentais e outro 23,5% o sexan dunha familia numerosa. Cifras que dobran ás que se rexistran entre os e as menores que non están en situación de pobreza.

## Situación actual das familias monoparentais

En España hai 18.535.900 fogares e os monoparentais representan o 10,1%. O 81,9% encabezados por mulleres, e un 18,1% por homes.


### DISTRIBUCIÓN POR SEXO



Estes fogares experimentan as taxas de risco de pobreza relativa máis alta por tipo de fogar: o 42,8% en 2018.


En 2018, 1 de cada 2 fogares monoparentais estaba en risco de pobreza ou exclusión social (AROE) (50%), case o dobre do valor para o total dos fogares de España (26,1%).

### EVOLUCIÓN TAXA AROPE PARA OS FOGARES MONOPARENTAIS E O TOTAL DE FOGARES EN ESPAÑA



En Galicia, o 47% das familias monoparentais atópanse nesta situación.

### RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL (INDICADOR AROPE) POR TIPO DE FOGAR



Máis da metade das nais soas con fillos/as non traballa ou fai na economía somerxada. Só un 33% ten emprego, fronte ó 69,9% dos fogares de dous adultos con fillos/as, nos que ó menos un proxenitor ten traballo.

O desemprego tende a cronificarse no caso das mulleres pertencentes a unha familia monoparental. Un 53% supera os dous anos de procura de emprego mentres que un 16% leva entre 1 y 2 anos desempregada.

<sup>1</sup> AROPE (At Risk Of Poverty and/or Exclusion) é o indicador que mide o risco de pobreza e/ou exclusión social integrando ao factor económico, a privación material e a intensidade do emprego.

Por outra banda, o salario medio das mulleres que viven en fogares monoparentais é un 28,75% inferior ó salario dos homes que sustentan fogares monoparentais.

O 90,4% dos fogares monoparentais **perceptores de rendas mínimas** en España están encabezados por mulleres.

O 18% dos fogares monoparentais no conxunto do estado tivo retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal e un 16,4% non pode manter a vivenda a unha temperatura axeitada. Ademais, un 68% destas familias necesitou reducir gastos relacionados coa alimentación e máis de unha de cada catro non seguen unha dieta equilibrada (un 7,4% non pode incorporar proteínas a súa dieta cada dous días).

A **soidade ou falta de apoio** tamén é unha das dificultades polas que pasan as nais soas con fillos/as, o 36% das nais monoparentais afirma que non poden contar con ninguén cando lles xorde un problema.

## Principais medidas de apoio a nivel estatal

A familia tradicional é o tipo de familia en torno á cal xiran tódalas políticas familiares actuais en España, discriminando de facto ás familias monoparentais. Esta discriminación móstrase principalmente na falta de políticas de apoio axeitadas e un inexistente recoñecemento institucional. Aínda así, estas son algunhas das prestacións ás que teñen acceso:

- **Prestacións por morte e supervivencia:** pensión de viuvez, prestación temporal de viuvez ou pensión de orfandade.
- **Prestacións por nacemento ou adopción** do fillo/a.
- **Incremento da duración do subsidio por maternidade** non contributivo en 14 días por ser familia monoparental.
- **Bonificación do 45%** das cotas á **seguridade social** pola contratación de persoas coidadoras familiares en familias numerosas ou monoparentais.
- **Incremento do 0.5 puntos no límite de renda** para acceder ao **desconto na factura eléctrica**.
- **Cálculo específico do límite de ingresos** para o acceso a prestacións familiares por fillo/a ou menor a cargo en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción.
- **Cheque gardería** para nais traballadoras.
- Considérase a este tipo de familia como unidade familiar a efectos da tributación conxunta.
- Abono anticipado da dedución para ascendentes separados legalmente, ou sen vínculo matrimonial, con dous fillos/as a Fondo Social de vivendas para ofrecer cobertura en réxime desaloxadas da súa vivenda habitual.
- Medidas de apoio ás familias que teñen dificultades no pago da débeda hipotecaria e se atopan en situación de especial vulnerabilidade.

## Principais medidas a nivel galego

- **‘Bono coidado’:** Aportación para contribuír ó pago do importe de servizos de atención á infancia a domicilio ou de servizos de conciliación.
- **‘Bono concilia’:** Programa de axudas económicas directas ás familias para contribuír ó pago dunha praza nunha escola infantil de 0-3 anos.
- **Axudas á conciliación da vida familiar e laboral.**
- Axudas para **estadías de tempo libre** para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.
- Acceso ós beneficios do **programa ‘Aluga’**.
- **‘Tarxeta Benvida’:** contribúe ó pago dos gastos durante os 3 primeiros anos de vida.
- Adxudicación de prazas e **redución de tarifas nas escolas infantís públicas.**
- Quenda específica en **estadías estivais nas residencias de tempo libre** de Panxón e O Carballiño.
- **Programa para a formación, orientación e apoio** ás familias monoparentais no *Centro Abeiro* de Cáritas en Santiago.
- Consideración da situación de familia monoparental á hora de adxudicar **prazas para mocidade (de 16 a 30 anos) nas residencias xuvenís** dependentes da Consellería de Política Social.
- Axuda de **pago único por fillo/a menor de 3 anos a cargo.**
- Acceso á **Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)**.
- Acceso ás **axudas de inclusión social.**

Finalmente, na Lei galega 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes (capítulo VII), establécese que a Xunta de Galicia adoptará as medidas conducentes a favorecer, en condicións de igualdade, a inserción social das mulleres en situación de exclusión social, **especialmente cando estean a cargo de familias monoparentais.**

## Bibliografía básica

- EAPN-España (2019). Estudio sobre las familias monoparentales preceptoras de rentas mínimas.
- Fundación Tomillo. (2018). Estudio sobre las familias monoparentales en Aragón, para su reconocimiento y aplicación de políticas específicas.
- Fundación Adecco. (2018). 7º Informe #monoparentalidad y empleo.
- INE (2019). Encuesta de Condiciones de Vida 2019.
- EAPN-España (2019). Informe ‘El Estado de la Pobreza en España. Seguimiento del indicador de pobreza y exclusión social en España 2008-2018’.
- EAPN-Galicia (2019). Informe ‘O Estado da Pobreza en Galicia. Seguimento do indicador de pobreza e exclusión social en Galicia 2008-2018’.
- Save the Children. (2015). Mas solas que nunca. La pobreza infantil en familias monomarentales.
- Save the Children. (2019). El futuro donde queremos crecer.